XV Encontro de Conservación e Restauración. O Dourado no Patrimonio Cultural

Xoves 19 e venres 20 de novembro

Edificio Castelao, Museo de Pontevedra

Organiza: Museo de Pontevedra, coa colaboración da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

Comité científico: Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia [Susana Ara Poceiro e Andrea Fernández Arcos] e Museo de Pontevedra [Sonia Briones Vázquez, Mercedes del Campo Lores e Óscar Taboada Romero].

Coordinación e secretaría técnica: Museo de Pontevedra [Diana Duo Ramila, Pilar Moreira Díaz e Raquel Torres Fernández]

O dourado acompaña a historia da arte e do patrimonio desde hai séculos, achegándolles luz, simbolismo e riqueza a obras de moi diversa natureza. Retablos, esculturas, pinturas, obxectos arqueolóxicos ou elementos arquitectónicos conservan aínda hoxe a pegada desta técnica, cuxa preservación supón importantes retos.

Con esta edición do Encontro de Conservación e Restauración, o Museo de Pontevedra e a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia propoñen unha aproximación ao fascinante universo do dourado a través da experiencia de profesionais e investigadoras e investigadores de referencia. Ao longo de dúas xornadas, abordaranse a súa historia, os materiais e procedementos empregados na súa execución, así como os avances máis recentes no seu estudo, conservación e restauración; ofrecerase un espazo de encontro e intercambio aberto tanto a profesionais coma ao alumnado e ás persoas interesadas no patrimonio cultural.

PROGRAMA

Xoves 19 de novembro

Mañá, de 9:00 a 13:30 h

9:00 h Presentación

Ángeles Tilve Jar, directora do Museo de Pontevedra.

Andrea Fernández Arcos, directora da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia.

9:30 h Conferencia: "As técnicas do dourado baixo a luz das fontes"

Rocío Bruquetas Galán, conservadora-restauradora e doutora en Historia da Arte.

Resumo: Desde a Idade Media, o uso de ouro nos obxectos relixiosos era signo de magnificencia, riqueza e prestixio social, ademais de constituír simbolicamente o reflexo da divindade. Nos retablos o ouro será o material por excelencia para representar esa suntuosidade, á vez que servía de elemento unificador das escenas narradas nas pinturas ou esculturas. Co desenvolvemento dos grandes retablos diversificaranse as técnicas operativas do dourado para incrementar a súa riqueza decorativa, combinando zonas douradas mates con motivos decorativos incisos, pintados ou aplicados para imitar ricos tecidos. O custo xeral dun retablo viña marcado fundamentalmente polo gasto de pans de ouro e os labores decorativos realizados.

O traballo de douradores e policromadores comezará a regularse desde datas temperás por medio das corporacións gremiais, cuxa organización e necesidades materiais se estipulaban nas ordenanzas, unha fonte de grande interese para o coñecemento das técnicas do dourado. Outras fontes de referencia fundamental son os tratados de arte, así como outras fontes indirectas de carácter económico e científico que arroxan luz sobre moitas cuestións materiais. Nesta conferencia trataranse as técnicas do dourado desde a visión da tratadística e doutras fontes históricas, e o seu correcto uso desde un punto de vista metodolóxico.

Biografía: Rocío Bruquetas Galán é doutora en Historia da Arte pola Universidade Complutense de Madrid e conservadora-restauradora pola Escola de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Madrid. Desde 1986 ata 2023, data da súa xubilación no Ministerio de Cultura, traballou como restauradora de pintura de cabalete no Instituto do Patrimonio Cultural de España e no Museo de América de Madrid.

A súa especialidade como investigadora son as fontes para o estudo das técnicas pictóricas en España e na América vicerreinal, traxectoria iniciada coa súa tese de doutoramento, *Técnicas y materiales de la pintura española en los Siglos de Oro*, publicada en 2002. Sobre este tema escribiu numerosos artigos e colaboracións en libros, e impartiu cursos e conferencias en diversas

universidades españolas, portuguesas e iberoamericanas. Na actualidade continúa a desenvolver a súa actividade formativa e académica en universidades e institucións de España, México, Paraguai, Perú e Bolivia.

10:15 h Conferencia: "A arte de dourar"

Lucio Maire Dorado, xefe do obradoiro de Dourado e Estuco do Palacio Real de Madrid, Patrimonio Nacional.

Resumo: A conferencia abordará a restauración do marco de *O Calvario* de Rogier van der Weyden, óleo sobre táboa do século XV, levada a cabo en comisión de servizo nos obradoiros do Museo Nacional del Prado; os materiais e as ferramentas do oficio de dourador; a restauración integral de carrozas empregadas en servizo oficial, e a restauración de diversas pezas singulares.

Biografía: Lucio Maire Dorado ingresou en 1973 como aprendiz, con praza fixa, na área de Artes Decorativas de Patrimonio Nacional e, desde hai vinte e cinco anos, é xefe do obradoiro de Dourado e Estuco do Palacio Real de Madrid, coa categoría de técnico de restauración. Mestre dourador e carroceiro, restaurou máis de 2500 pezas dos Reais Sitios e participou en 50 exposicións temporais. É especialista en dourado, estuco florentino, estuco mármore, estuco intarsiado, serigrafía artística, fileteado, plumeado, lacado, falso xaspe e trampantollo de grande formato, e colabora asiduamente con decoradores, arquitectos, pintores e escultores, entre outros traballos na decoración con pan de ouro fino dalgunhas das cúpulas máis importantes de Madrid.

Impartiu conferencias e cursos nas facultades de Belas Artes de Madrid e de Murcia, na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia (1994), na Universidade Politécnica de Madrid, como profesor convidado do mestrado en Rehabilitación e Restauración Arquitectónica (2003-2014), na Fundación Félix Granda ou no Museo Nacional del Prado (2024), entre outras institucións. Recibiu a Cruz de Prata da Orde do Mérito Civil (1980), a Cruz de Prata da Orde de Isabel a Católica (2001), a Cruz de Oficial da Orde do Mérito Civil (2018) e a Cruz ao Mérito Aeronáutico (2024). É autor de artigos en publicacións como *Historia del carruaje en España* (2005) ou *En movimiento* (2023), así como en revistas especializadas en carruaxes e enmarcacións.

11:00 h Descanso

11:30 h Conferencia: "O brocado aplicado. Relación coas técnicas de decoracións metalizadas en relevo e posibilidades plásticas"

María José González López, catedrática de Conservación-Restauración na Universidade de Sevilla.

Resumo: O brocado aplicado é unha técnica de decoración polícroma empregada en Centroeuropa desde finais do século XIV ata o primeiro terzo do século XVI. Trátase dunha técnica de ornamentación asociada á representación de tecidos de brocado con fíos de ouro en relevo, que consegue reproducir

fielmente e con grande calidade tanto os motivos coma o realce dos fíos de ouro que imita.

Neste relatorio centrarémonos en concretar a súa praxe operativa e en poñer en evidencia as características que a diferencian doutros procedementos de decoración en relevo, como os realizados con masa de recheo, xa sexa con moldes e presión, como a pastilla, mediante extrusión ou por aplicación a man alzada.

Atenderemos, polo tanto, a aqueles aspectos técnicos, materiais e procedementais que a converten nunha técnica única, como a súa versatilidade ou a súa capacidade de ser reproducida e aplicada tanto sobre superficies bidimensionais (pinturas) coma tridimensionais (esculturas e mobiliario), e de ser metalizada: dourada, prateada, coloreada e corlada. Todo iso sen esquecer as posibilidades plásticas que esta técnica ofrece hoxe en día, adaptando o método e a súa materialidade.

Biografía: María José González López é conservadora-restauradora de bens culturais, catedrática de universidade e docente na Universidade de Sevilla (US), no grao en Conservación e Restauración de Bens Culturais e no mestrado oficial en Arquitectura e Patrimonio Histórico (MARPH), así como no mestrado en Xestión e Conservación do Patrimonio da Universidade de Córdoba. Actualmente é directora do Secretariado de Patrimonio Cultural da US e responsable do grupo de investigación Conservación del Patrimonio. Métodos y Técnicas (HUM-956).

Especializada en pintura mural, pintura sobre táboa e escultura en madeira policromada no Institut Royal du Patrimoine Artistique (IRPA) de Bruxelas, foi xefa do Departamento de Tratamento do Instituto Andaluz do Patrimonio Histórico (1990-2000), onde participou activamente no deseño e equipamento dos seus obradoiros e coordinou algúns dos seus proxectos máis significativos: a Capela Real, o retablo dos Santos Juanes, o Giraldillo da catedral de Sevilla, o obradoiro de retablos ou as pinturas da Sala de la Barca da Alhambra de Granada. É autora de numerosas publicacións sobre as técnicas e a conservación de pintura, escultura e retablos.

12:15 h Conferencia: "O dourado na colección de pinturas italianas do Rijksmuseum: estudos técnicos"

Giulia Sara de Vivo, conservadora de pinturas do Rijksmuseum.

Resumo: O dourado está moi presente na pintura italiana dos séculos XIV e XV. Presentaranse exemplos do Rijksmuseum de Ámsterdam estudados no marco do proxecto de catálogo da súa colección de pintura italiana, mediante unha serie de técnicas analíticas sen contacto cuxos resultados se interpretan a partir do exame minucioso da superficie pictórica co estereomicroscopio. Prestarase especial atención á fluorescencia de raios X a macroescala (MA-XRF), capaz de revelar as dimensións das láminas metálicas e o seu padrón de aplicación. Ademais, exporase como o estudo comparado dos distintos mapas elementais contribúe a comprender as técnicas e os procesos das decoracións metálicas: permite distinguir entre incisións con función de trazado e con

función decorativa, así como entre dourado á auga e dourado ao mordente; identificar os metais empregados, e visualizar a decoración metálica mesmo en zonas afectadas por grandes perdas de materia ou pola súa degradación. Entre as obras estudadas figuran pinturas do Mestre de Badia a Isola, Andrea di Cione, chamado o Orcagna, Lorenzo Monaco, Giovanni da Milano, Bartolomeo Bulgarini, Fra Angelico, Carlo e Vittore Crivelli, así como un lenzo do século XIX de Giovanni Segantini.

Biografía: Giulia Sara de Vivo é conservadora de pintura e investigadora no Rijksmuseum de Ámsterdam desde 2015, onde é responsable da investigación técnica de toda a colección de pintura italiana con vistas á elaboración dun novo catálogo. Formada no Istituto Centrale per il Restauro e na Università degli Studi della Tuscia, traballou por conta propia e para os Museos Vaticanos antes de incorporarse ao equipo de conservadores de pintura do museo neerlandés. Actualmente participa tamén na limpeza de *A rolda de noite* de Rembrandt, dentro do proxecto Operation Night Watch. As súas principais áreas de interese son o estudo das técnicas de execución pictórica e as técnicas analíticas non invasivas.

13:00 h Coloquio

Modera: Andrea Fernández Arcos, Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia

Tarde, de 16:00 a 20:00 h

16:00 h Conferencia: "A conservación de dourados e láminas metálicas nas superficies murais e pétreas dos edificios e monumentos. Experiencia do CRBMC no descubrimento e conservación-restauración desta arte milenaria"

Pere Rovira i Pons, xefe da Área de Pintura Mural, Escultura en Pedra e Elementos Arquitectónicos do Centro de Restauración de Bens Mobles de Cataluña, Axencia Catalá do Patrimonio Cultural.

Resumo: Durante as numerosas intervencións realizadas polo CRBMC en pinturas murais e monumentos sempre apareceron restos de dourados, prateados, corladuras e outro tipo de láminas metálicas que representaban a divindade, a riqueza e o poder. Trátase dunha técnica moi específica que se adaptaba ao soporte pétreo ou mural para lle dar luxo e luz, e esa idea do sagrado.

Desgraciadamente, estes elementos artísticos foron desaparecendo a medida que se deterioraba o seu soporte, polo que moitas veces só quedan restos do que no seu momento foi unha grande obra polícroma. Hoxe en día conservamos e protexemos estes testemuños dun pasado artístico poderoso, por pequenos que sexan, xa que achegan unha información moi valiosa aos historiadores da arte e aos científicos e, como non, ás recreacións visuais.

Non deixa de ser curioso observar a técnica e os materiais con que foron realizados segundo cada época e, sobre todo, a dificultade de preservar estes elementos artísticos e decorativos integrados en edificios e monumentos.

Biografía: Pere Rovira i Pons (Olot, 1965) é conservador-restaurador especialista en pintura mural e xefe da especialidade de pintura mural, escultura en pedra e elementos arquitectónicos do Centre de Restauració de Béns Mobles de Catalunya (CRBMC). É licenciado en Belas Artes, na especialidade de Conservación e Restauración, pola Universidade de Barcelona, e ten un mestrado universitario en Dirección de Empresas pola UOC. Foi restaurador da catedral e do Museo de Arte de Girona, e participou nas grandes intervencións en pintura mural románica realizadas en Cataluña, como as de Sant Climent de Taüll e Sant Vicenç d'Estamariu. Dirixiu a restauración da portada do mosteiro de Ripoll e da porta dos Apóstolos da Seu Vella de Lleida.

É profesor do mestrado de Restauración de Monumentos da Escola de Arquitectura da UPC, do mestrado de Patrimonio Cultural da Igrexa (Facultade Antoni Gaudí) e do Architectural Conservation Laboratory da Universidade Politécnica de Porto Rico, Miami e Orlando. É autor do libro *La conservación preventiva de las pinturas murales in situ y en su exposición*.

16:45 h Conferencia: "A limpeza de superficies douradas: experiencias e desafíos no Museo Nacional del Prado"

Beatriz Oliver López, conservadora-restauradora de marcos do Museo Nacional del Prado.

Resumo: A limpeza de superficies douradas, prateadas, corlas e outros acabados metálicos presenta unha especial complexidade debido, por unha parte, á sensibilidade destes materiais e, por outra, á necesidade de comprender e identificar correctamente as técnicas e os acabados que conforman cada obra.

Tomando como fío condutor diversos casos prácticos, abordaranse diferentes estratexias de limpeza, desde procedementos mecánicos ata sistemas fisicoquímicos baseados na utilización de disolventes en estado libre e sistemas máis complexos, co uso de xelificantes e emulsionantes, amosando así as posibilidades e as limitacións de cada un deles.

A exposición destes sistemas permitirá establecer un abano de alternativas ao servizo dun mesmo propósito: unha intervención gradual, selectiva e axustada ás particularidades de cada obra, co obxectivo de recuperar a lexibilidade e a riqueza visual destas superficies concibidas para interactuar coa luz.

Biografía: Beatriz Oliver López (La Pobla de Vallbona, Valencia, 1994) obtivo en 2025 a praza de restauradora de marcos do Museo Nacional del Prado. É graduada en Belas Artes e en Conservación e Restauración de Bens Culturais, e ten un mestrado nesta última disciplina, todos eles pola Universitat Politècnica de València. En 2023 foi beneficiaria da Bolsa Fundación Iberdrola de Restauración de Marcos do Prado, formación que lle permitiu afondar no

estudo e na restauración de marcos históricos. Desde entón participou en proxectos do Prado para a colección permanente e para exposicións temporais nacionais e internacionais.

Colaborou, así mesmo, con institucións como o Museo Nacional de Artes Escénicas e o Museo de Navarra. De maneira transversal, restaurou obras pictóricas para coleccións como a do Museo de Belas Artes de València e desempeñou a dirección técnica en campañas de recuperación da memoria histórica. A súa traxectoria complétase coa investigación e a difusión, con publicacións no *Archivo de Arte Valenciano* da Real Academia de Bellas Artes de San Carlos, no Centro de Estudios Locales de la Pobla de Vallbona e na Universitat Politècnica de València, labor que compaxina con relatorios en congresos e xornadas nacionais e internacionais.

17:30 h Descanso

18:00 h Conferencia: "Criterios e sistemas de reintegración do ouro no Museo Nacional del Prado"

Beatriz Oliver López, conservadora-restauradora de marcos do Museo Nacional del Prado.

Resumo: O ouro e a prata converten a luz nun auténtico recurso expresivo. A alternancia entre superficies bruñidas e mates, xunto coa riqueza dos troquelados, cincelados, gravados, corlas e outros elaborados acabados, foi concibida para crear unha linguaxe propia de luz e sombra, que propicia percorridos visuais e atmosferas áuricas e establece un sutil, aínda que constante, diálogo entre estas superficies e as obras coas que cohabitan.

Porén, cando estas superficies presentan perdas, xorde unha das cuestións máis complexas e desafiantes da restauración: a súa reintegración. Como equilibrar os valores históricos, estéticos e funcionais da obra, que en numerosas ocasións entran en conflito e obrigan a establecer unha xerarquía de criterios?

Esta conferencia abordará as estratexias de reintegración aplicadas no Museo Nacional del Prado, que poñen o foco na función estilística e lumínica do ouro, entendida como un elemento esencial para restablecer a percepción, a unidade e a intención visual orixinais.

18:45 h Coloquio

Modera: Mercedes del Campo Lores, Museo de Pontevedra

19:15 h Visita guiada á colección permanente do Museo de Pontevedra

Venres 20 de novembro

Mañá, de 9:30 a 14:00 h

9:30 h Conferencia: "Limpar con auga o que a auga ameaza: estratexias informadas para superficies douradas"

Elena Aguado Guardiola, restauradora, historiadora e profesora da Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Madrid.

Resumo: O dourado de moitas das grandes obras medievais, sobre pedra e madeira, comparte un desafío inesperado coa pintura contemporánea: superficies expostas, a miúdo sen verniz, e extremadamente sensibles á auga. Precisamente para resolver problemas da arte contemporánea naceron algunhas das estratexias que hoxe podemos trasladar aos dourados. Sabemos que a auga é a mellor opción, non só por sustentabilidade, senón pola súa eficacia fronte á sucidade superficial. O reto está en controlala, adaptando as súas propiedades, a súa forma e o seu movemento á resposta de cada material. Canto mellor coñecemos a obra e os seus materiais, mellor podemos informar ese deseño e xestionar o risco. Esta conferencia presenta esa metodoloxía aplicada ao dourado.

Biografía: Elena Aguado Guardiola é restauradora, historiadora e profesora na Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Madrid. Durante dúas décadas traballou nos andamios, non só restaurando catedrais, pintura, retablos e algunhas das mellores esculturas pétreas policromadas medievais da península, senón tamén desvelando a súa historia e a dos seus creadores. Ao mesmo tempo, formouse xunto aos principais referentes europeos, americanos e australianos en limpeza. Doutora *cum laude* con mención internacional pola Universitat Politècnica de València, na última década centrouse na docencia, na investigación e no asesoramento. O seu traballo oriéntase a comprender a sensibilidade á auga dos materiais e a deseñar estratexias de intervención para superficies pictóricas sensibles, tradicionais e contemporáneas. É investigadora principal de ASAP (Art Salinity and Acidity Project).

10:15 h Conferencia: "Dourado sobre patrimonio metálico: tecnoloxía, microestrutura e conservación"

Soledad Díaz Martínez, conservadora-restauradora.

Resumo: O ouro, debido ás súas propiedades fisicoquímicas e ao seu valor simbólico, foi un metal clave na Antigüidade. A súa escaseza impulsou o desenvolvemento das técnicas de dourado para recubrir metais máis comúns, optimizando así o recurso do metal nobre. A evolución destes procesos reflicte un avance progresivo no coñecemento metalúrxico, químico e de control térmico dos ourives.

Inicialmente, a ductilidade do ouro permitiu o uso de laminados e placados. Porén, a deficiente adherencia destas capas motivou a transición cara a métodos químicos avanzados, como a difusión térmica. O achado definitivo foi

o dourado ao lume mediante amálgama con mercurio. Esta técnica aproveitou a afinidade química entre ambos os elementos para crear unha unión atómica indisoluble que non só embelecía as pezas, senón que as protexía eficazmente contra a corrosión.

Na actualidade, a conservación do patrimonio metálico depende de estudos arqueométricos avanzados. As análises cualitativas e cuantitativas permiten identificar as complexas microestruturas antigas sen danar o obxecto. Este diagnóstico científico é tamén fundamental para deseñar tratamentos de conservación-restauración que estabilicen as obras e garantan a súa integridade física.

Biografía: Soledad Díaz Martínez é especialista en conservación e restauración de bens culturais, cunha destacada traxectoria de máis de 30 anos no Instituto do Patrimonio Cultural de España (IPCE), onde ingresou co número un por oposición. A súa formación académica inclúe o grao en Conservación-Restauración, especialidade de Arqueoloxía, e dous mestrados universitarios enfocados á xestión do patrimonio arqueolóxico e á conservación-restauración e exposicións.

Conta cunha ampla experiencia técnica e investigadora á fronte de grandes proxectos estatais, como a conservación do tesouro da fragata Nuestra Señora de las Mercedes. Coordinou o Plan Nacional de Educación e Patrimonio e colaborou co Plan Nacional de Emerxencias e Xestión de Riscos en Patrimonio Cultural. O seu perfil destaca por unha forte proxección internacional, sobre todo en América Latina, mediante asesorías expertas, a participación en comités internacionais e a coordinación do Grupo Latinoamericano de Conservación de Metal. Así mesmo, exerce unha intensa actividade docente en programas universitarios nacionais e de cooperación internacional (AECID), e é autora de diversos artigos e publicacións.

11:00 h Descanso

11:30 h Conferencia: "A cor dos metais: os dourados medievais en época andalusí"

Joaquín Barrio Martín, catedrático de Arqueoloxía e Restauración-Conservación do Patrimonio Arqueolóxico da Universidade Autónoma de Madrid e director do Servizo de Conservación, Restauración e Estudos Científicos do Patrimonio Arqueolóxico (SECYR) da mesma universidade.

Resumo: Tras a chegada e a conquista árabe da península ibérica, introducíronse desde as terras orientais de orixe un conxunto de novas técnicas no acabado das obras de metal. Unha delas foi o dourado sobre metal, un proceso técnico que esixía coñecementos especializados no traballo dos metais. Os obradoiros de metalistería da España medieval realizaron pezas douradas dunha calidade extraordinaria, pouco coñecidas e escasamente estudadas en profundidade no seu proceso tecnolóxico mediante análises arqueométricas. Así mesmo, tivemos ocasión de estudar os problemas que afectan á conservación e á restauración destes obxectos de metal dourado. Hoxe estas pezas deben ser valoradas como unha parte

importante do patrimonio arqueolóxico metálico da Idade Media, pois conforman un legado imprescindible do alto desenvolvemento tecnolóxico dunha das etapas máis salientables da metalurxia e da ourivaría da península ibérica. Toda esta investigación levouse a cabo no laboratorio SECYR-UAM, dentro dun proxecto de I+D denominado Proyecto Dorados.

Biografía: Joaquín Barrio Martín é catedrático de Arqueoloxía e Restauración-Conservación do Patrimonio Arqueolóxico, e creador e director do Laboratorio/Servizo de Conservación, Restauración e Estudos Científicos do Patrimonio Arqueolóxico (SECYR-UAM), integrado en E-RIHS (European Research Infrastructure for Heritage Science). A súa actividade científica inscríbese nun campo multidisciplinar no que se complementan as humanidades e as ciencias experimentais, o que supuxo a transferencia de tecnoloxías punteiras ao ámbito do patrimonio. A súa principal liña de investigación é Ciencia, Tecnoloxía e Conservación do Patrimonio e, de maneira máis concreta, a aplicación de tecnoloxías láser na conservación e restauración do patrimonio arqueolóxico. Publicou máis de 150 traballos en revistas de impacto, actas de congresos, libros e capítulos de libros.

É membro de institucións relevantes no ámbito do patrimonio, como ICOM, GEIIC, AEND, Hispania Nostra ou a Academia de Historia y Arte de San Quirce. Recibiu, entre outros recoñecementos, o I Premio Nacional de Arqueoloxía e Paleontoloxía (2018), como parte dun equipo encabezado polo IAM-CSIC; o Premio Reserva (2021), concedido polo Grupo Español do International Institute for Conservation of Historic and Artistic Works; o Premio Marqués de Lozoya (2023), pola súa actividade cultural e no patrimonio, e o IV Premio de Transferencia en Innovación da UAM (2026), polo desenvolvemento e aplicación das tecnoloxías láser na conservación e restauración do patrimonio arqueolóxico.

12:15 h Conferencia: "A restauración dos grandes bronces dourados de interese arqueolóxico e histórico: enfoque nas técnicas de dourado" (videoconferencia)

Elisa Pucci, funcionaria restauradora-conservadora do Opificio delle Pietre Dure de Florencia.

Resumo: Na grande estatuaria de bronce, os acabados superficiais —entre eles, os dourados— adquiriron ao longo da historia significados diversos segundo o contexto social e cultural, máis alá da simple protección da obra. A miúdo, os comitentes douraban as estatuas nun momento posterior para acrecentar o seu prestixio. Noutros casos, o desgaste e a perda accidental do ouro revelaron novos niveis de lectura da obra e abriron un debate crítico sobre o valor artístico da lagoa.

As fontes históricas documentan catro métodos principais de dourado, difundidos en distintas civilizacións e retomados ao longo do tempo: o dourado con lámina, que implica a aplicación de láminas de ouro de maior grosor; o dourado con pan de ouro, que emprega finísimas follas de ouro superpostas; o dourado ao lume, coñecido como dourado con amálgama de

ouro e mercurio, e o dourado ao chumbo, técnica menos coñecida, descrita en receitas alquímico-metalúrxicas helenístico-exipcias dos séculos III-IV d. C.

A limpeza das superficies de bronce require sempre un enfoque multidisciplinar. A intervención en superficies douradas adopta un método combinado que integra procedementos mecánicos, químicos e físicos. Estes sistemas actúan de forma complementaria para eliminar os depósitos coherentes e os materiais alleos á obra, garantindo a absoluta salvagarda da materia orixinal.

Biografía: Elisa Pucci é restauradora oficial do Ministerio de Cultura de Italia, especializada na restauración de obras de arte metálicas históricas e arqueolóxicas, de bronce e outras aliaxes. Formouse no Opificio delle Pietre Dure, cunha tese sobre obras renacentistas de bronce dourado e ferro damasquinado, e é doutora en Historia das Artes e do Espectáculo e Crítica da Restauración pola Università degli Studi di Firenze. Participa en proxectos de conservación e investigación da súa especialidade e é docente na Scuola di Alta Formazione dos institutos do Ministerio de Cultura italiano.

13:00 h Coloquio

Modera: Sonia Briones Vázquez, Museo de Pontevedra

13:45 h Clausura

Tarde, de 17:00 a 18:00 h

17:00 h Visita á Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia